XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Adtvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

Memoria xustificativa e económica

ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, no seu artigo 1 define os colexios profesionais como corporacións de dereito público, amparadas pola lei e recoñecidas polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sinalando que son fins esenciais de estas corporacións, a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal respectivo, a representación da mesma, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados, e a defensa dos intereses dos consumidores e usuarios.

a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, regula no artigo 11 a creación de colexios profesionais, establecendo que no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia a creación de colexios profesionais farase por lei do Parlamento galego. Entre os requisitos para a creación de colexios profesionais sinala este artigo a necesidade de peticións dos profesionais interesados, e a necesidade de título académico oficial habilitante para o exercicio das actividades profesionais

A creación dun colexio profesional está xustificada unicamente cando o exercicio da profesión veña amparado por criterios de servizo ao interese xeral, de xeito que poda apreciarse na creación do mesmo, un interese público concorrente.

As modificacións normativas aprobadas con motivo da adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos no mercado interior: *Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (Lei Ómnibus estatal); Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas Leis de Galicia para a súa adaptación á directiva* 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello *(Lei Ómnibus galega), entre outras*, constitúen a normativa de referencia en materia de colexios profesionais.

Sinaladamente a Lei 17/2009 establece un réxime xeral de liberdade de acceso ás actividades e servizos e o seu libre exercicio en todo o territorio español. Pola súa parte o artigo 3.2 da Lei 2/1974, modificada pola Lei 25/2009, establece que a Colexiación será requisito para exercicio das profesións unicamente cando así o estableza unha Lei estatal.

Neste contexto o anteproxecto de Lei non establece a obrigatoriedade de Colexiación, remitíndose a este efectos á Lei estatal, polo que a Colexiación dos Terapeutas Ocupacionais con domicilio profesional único ou principal na Comunidade Autónoma de Galicia regulase nesta lei como voluntaria, coa previsión de que nun futuro sexa determinante a regulación estatal.

A solicitude de creación foi presentada en data 18-1-2016, pola presidenta da Asociación Profesional de Terapeutas ocupacionales de Sanidad y Seguridad Social de Galicia, xunto coa certificación do

acordo de solicitude de creación do colexio, aprobado pola asemblea xeral da asociación, e memoria xustificativa da creación do colexio.
Xuntan así mesmo informe no que constan os seguintes datos:
- Terapeutas Ocupacionais asociados: 132
- Profesionais asociados e non asociados que apoian a creación do colexio: 258
- Número de profesionais en exercicio en Galicia: 292

A profesión de terapeuta ocupacional, como profesión titulada está recoñecida no Real decreto 1420/1990, do 4 de xullo, polo que se establece o título universitario oficial de diplomado en Terapia Ocupacional. Por Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de terapeuta ocupacional. Así mesmo aprobouse a Orde CIN/729/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de grao como título universitario oficial habilitante para o exercicio da profesión de terapeuta ocupacional.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, inclúe a profesión de terapeuta ocupacional entre as profesións sanitarias tituladas, sinalando entre as funcións dos Terapeutas Ocupacionais a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional destinadas a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.
Entre os ámbitos de actuación dos Terapeutas Ocupacionais sinalamos:

- Sanitario: tanto en centros de atención primaria como de atención especializada – Unidade de lesión medular, rehabilitación neurolóxica, rehabilitación física, unidades de psiquiatría, etc.
- Socio-sanitario: Residencias e centros de día, equipos de valoración de dependencia, centros de rehabilitación psicosocial, unidades asistenciais de drogodependencia, centros penitenciarios, casas de acollida, entre outros
- Educativo e docente: Educación especial, equipos de orientación educativa, cursos de formación, etc.
- Asesoramento: Centros de apoio e Ortopedias, Comisións de urbanismo e accesibilidade.

Neste contexto os Terapeutas Ocupacionais exercen a súa labor profesional con persoas que presentan algunha discapacidade (física, psíquica ou sensorial), ou teñen risco de padecela, así como con persoas en risco de exclusión social.

O interese xeral que concorre na creación deste colexio profesional fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución. Por iso, considérase que concorren razóns de interese público que xustifican a creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que permita a integración destes profesionais nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, someter os profesionais a unhas normas deontolóxicas e de control comúns e, en definitiva, protexer os intereses dos usuarios dos servizos prestados polos profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Existen actualmente colexios profesionais de Terapeutas Ocupacionais nas seguintes Comunidades Autónomas: Aragón (Lei 11/2001, de 18 de xuño); Baleares (Lei 5/2006, de 30 de marzo); Cataluña (RD38/2012, de 10 de abril); Castela-León (Lei 11/2010, de 11 de outubro); Castela-A Mancha (Lei 2/2011, de 10 de febreiro); Extremadura (Lei 4/2006, de 10 de Outubro); Navarra (Lei foral 1/2005, de 22 de febreiro); Murcia (Lei 8/2009, de 2 de novembro); País Vasco (Lei 10/2008, de 10 de outubro); Valencia (Lei 1/2010, de 30 de marzo); La Rioja (Lei 3/2013, de 4 de marzo); Asturias (Lei 1/2015, de 20 de febreiro).

Todos os colexios profesionais de España se agrupan a nivel nacional no Consello Xeral de Colegios de Terapeutas Ocupacionais, creado por Lei 24/2014 de 20 de novembro, pola que se crea o Consejo General de Colexios de Terapeutas Ocupacionais

O Anteproxecto de Lei de Creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, non supón custo económico para a Comunidade Autónoma de Galicia, por tratarse da creación dunha corporacións de dereito público sen dependencia da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, dado que se acredita a prevalencia dun interese xeral nas actividades profesionais dos Terapeutas Ocupacionais, e se cumpren os requisitos de legalidade necesarios para a creación do colexio, considérase oportuna e necesaria a aprobación do Anteproxecto de Lei Creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2016

A Secretaria Xeral Técnica

Beatriz Cuña Baña